



# CONCELLO DE A CORUÑA

## PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
<b>COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL</b> (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 <b>3T0X 545N 0T1G 6T3T 0JCT</b>	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	<b>RMPE161N2J</b>		
Número/Año	<b>76555/2022</b>		
Dependencia Captura	<b>REGISTRO MARIA PITA</b>		
Usuario Captura/Compulsa	<b>MIAO</b>		
Interesado Principal	<b>V70462460 GRUPO MUNICIPAL MAREA ATLANTICA</b>		
Representante			
Descripción	<b>Solicitud general</b>		
Páginas	<b>5</b> (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	<b>06/10/2022 08:52:20</b>		
Fecha Captura	<b>06/10/2022 08:53</b>		
Valor CSV	<b>3T0X 545N 0T1G 6T3T 0JCT</b>		
Tipo de Firma	<b>PADES LONG TERM</b>		
Estado de Elaboración	<b>Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)</b>		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			



Concelleira non adscrita

Isabel Faraldo Calvo

Os grupos municipais da **MAREA ATLÁNTICA**, do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (BNG) e a **concelleira non adscrita Isabel Faraldo Calvo**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presentan a seguinte **MOCIÓN**, a iniciativa da Comisión Aberta en Defensa do Común e unha serie de organizacións, sobre a **recuperación da Casa Cornide para o patrimonio público da Coruña**.

### **Exposición de motivos**

A familia do ditador Franco pon, novamente, á venda a Casa Cornide como se fose da súa propiedade. Non podemos calar e esta corporación, co apoio social das organizacións que presentan esta moción, quere facer chegar a esa familia que a súa actitude ten un rexeitamento social unánime.

Non é a primeira vez que esta corporación deixa claro o seu posicionamento. Así, o Pleno de 11 de setembro de 2017 xa aprobaba declarar "persoas non gratas" á familia Franco e que a Casa Cornide sexa devolta á cidade.

**O Pleno de 12 de setembro de 2019, aprobaba por unanimidade una** moción para a devolución da Casa Cornide ao patrimonio da Coruña. A **I Marcha Cívica**, convocada o 27 de outubro de 2018 por Defensa do Común e a Asociación Veciñal da Cidade Vella, reclamaba a devolución da Casa Cornide ao patrimonio da Coruña.

**A Deputación da Coruña e o Parlamento Galego aprobaron iniciativas por unanimidade** para que a familia Franco devolva o espoliado ou roubado. Así, o Parlamento Galego instaba o Goberno central o 11 de xullo de 2018 para que inicie as accións legais para a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público e que esta "non implique un novo custo para o pobo galego". Unha sentenza de 2 de setembro de 2020 ordenaba a súa devolución ao patrimonio público, sen ningún tipo de compensación á familia do ditador Franco.



Concelleira non adscrita

Isabel Faraldo Calvo

**O Pleno municipal de 12 de setembro de 2019 aprobaba por unanimidade unha moción para que o concello tome medidas xurídicas** para promover que a Casa Cornide pase a mans públicas.

O 7 de novembro de 2020, a iniciativa de Defensa do Común, 24 organizacións convocaban a **II Marcha Cívica** baixo o lema: POLA DEVOLUCIÓN DA CASA CORNIDE AO POBO DA CORUÑA. FRANQUISMO NUNCA MÁIS. E o Pleno de 1 de outubro de 2020 aprobaba unha moción apoiando esa Marcha.

A adquisición da Casa Cornide foi unha auténtica **operación de Estado** que se organizou durante varios anos. Non podía aparecer como a transmisión dunha propiedade pública a unha persoa privada como Camen Polo, esposa de Franco, e por iso a solución para superar ese problema foi convocar unha poxa, previamente amañada.

A Casa Cornide foi mercada en 1948 pola Dirección Xeral de Belas Artes (Ministerio de Educación). Con Alfonso Molina como alcalde pasa a propiedade municipal, mediante un expediente incoado en 1958 e formalizado en xuño de 1962 a través dunha permuta co Ministerio de Educación Nacional, que recibe a cambio unha parcela municipal en San Roque/zona escolar.

Poucos días despois de dita permuta, Sergio Peñamaría (sucede a Alfonso Molina como alcalde o 19 de maio de 1959), tramita a venda cunha sorprendente rapidez e o Pleno de 3 de xullo de 1962 acordaba a venda do palacio e tamén as bases para unha poxa que se celebra un mes despois. Barrié gaña a poxa-farsa celebrada o 2 de agosto de 1962 e adquire a Casa Cornide por 305.000 pesetas. Esa mesma tarde o pleno dá conta que Barrié solicita transmitir a propiedade a Carmen Polo. Tres días despois vendeu a casa a Carmen Polo por 25.000 pesetas, como figura na escritura.



Concelleira non adscrita

Isabel Faraldo Calvo

O pazo de Meirás e a Casa Cornide son dúas caras dun mesmo espolio. Como dicía esa moción aprobada o 1 de outubro de 2020: **"Significados franquistas que promoveron e participaron activamente nestes dous espolios -Alfonso Molina Brandao, Pedro Barrié de la Maza e Sergio Peñamaría de Llano- aínda conservan na Coruña rúas, retratos en edificios públicos, placas e todo tipo de distincións, que non pode admitir unha sociedade democrática"**.

Manuel Rivas lía o manifesto ao final desa II Marcha Cívica e lembraba que este espolio se realizou "aproveitando o réxime de tiranía que se impuxo, despois dun golpe e unha guerra, durante décadas, por medio dunha represión criminal e mafiosa". E remataba Manuel Rivas: "Estamos decididos a convocar a III, IV Marcha Cívica e as que sexan necesarias até poñer fin ao espolio".

**A Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados aprobaba o 11 de marzo de 2021, cos votos a favor de PSOE, PP, Galicia en Común e BNG,** "instar o Goberno a apoiar as iniciativas tomadas polo concello da Coruña con obxecto de recuperar a Casa Cornide para o patrimonio público".

Por outra parte, **a Xunta de Galicia iniciaba o 14 de maio de 2021 o expediente para declarar BIC a Casa Cornide.**

Recollendo este sentimento unánime, manifestado en numerosas mocións aprobadas pola Corporación municipal e por diversas institucións, os grupos municipais da Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego e a Concelleira non adscrita, Isabel Faraldo, presentan a consideración do Pleno os seguintes:



Concelleira non adscrita

Isabel Faraldo Calvo

## ACORDOS

- 1. Expresar a vontade corporativa de que, ao igual que no proceso do Pazo de Meirás, se conxunten as actuacións e iniciativas administrativas e xudiciais coa mobilización cidadá aos efectos de acadar o obxectivo da reversión e reincorporación da Casa Cornide ao patrimonio público municipal.*
- 2. Instar o Goberno municipal a que, concluído o proceso de elaboración da argumentación xurídica e histórica, **presente antes de que acabe 2022 a correspondente demanda xudicial** para anular o título de propiedade de dito inmovible e para a súa incorporación ao patrimonio público municipal da Coruña, sen prexuízo de calquera outra acción para revisar, anular e deixar sen efecto os actos e acordos municipais de alleamento de dito ben.*
- 3. Instar a Xunta de Galicia para que, **antes de que acabe 2022, conclúa o expediente de declaración da Casa Cornide como Ben de Interese Cultural (BIC).***
- 4. **Considerar non grata a presenza da familia Franco na Coruña** polo seu empeño en continuar co espolio e manter a propiedade da Casa Cornide.*
- 5. Pedir á Comisión de Honras e Distincións, previa consulta ao Consello da Memoria Democrática, que traslade ao Pleno para a súa aprobación a **retirada de rúas, retratos, placas, monólitos e todo tipo de distincións ás persoas que impulsaron, organizaron ou participaron no espolio do pazo de Meirás e da Casa Cornide** para beneficio de Franco e da súa familia.*



Concelleira non adscrita

Isabel Faraldo Calvo

6. **Apoiar a III Marcha Cívica** convocada polas organizacións citadas para o sábado, 5 de novembro de 2022, coa seguinte mensaxe: **QUE DEVOLVAN TODO O ROUBADO. DESPOIS DO PAZO DE MEIRÁS, RECUPERACIÓN PARA O POBO DA CASA CORNIDE.** E facilitar a infraestrutura necesaria. Ao mesmo tempo, o Goberno municipal difundirá o apoio a esta Marcha nos medios municipais.

7. **Dar traslado dos presentes acordos** á Administración Xeral do Estado e Xunta de Galicia, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes do Estado.

8. **Facultar á Alcaldía-Presidencia á execución deste acordos.**

A Coruña, 5 de outubro de 2022

María García Gómez  
Portavoz do GM da Marea Atlántica

Francisco Xesús Jorquera Caselas  
Portavoz do GM do BNG

Isabel Faraldo Calvo  
Concelleira non adscrita

**Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA**